

OCUPACIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO NO ANO 2015



Título:

Ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Trabajo no ano 2015

Financia:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, Agosto de 2016

ÍNDICE

ÍNDICE.....	3
1. PRESENTACIÓN	7
2. RESULTADOS.....	15
2.1. SITUACIÓN XERAL DO ALUMNADO QUE REMATOU A FCT EN GALICIA	17
2.1.1. Principais conclusións da análise.....	17
2.1.2. Análise da inserción laboral do alumnado	19
2.1.3. Descrición do último emprego	27
2.1.4. Descrición do emprego actual.....	32
2.1.5. Continuidade doutros estudos	37
2.1.6. Carácter emprendedor do alumnado.....	41
2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS.....	43
2.2.1. Diagnose comparativa das familias	44
2.2.2. Diagnose familia a familia.....	60
2.3. RESULTADOS POR CICLOS.....	129
3. METODOLOXÍA E ANEXOS	157
3.1. FICHA TÉCNICA	157
3.2. ANEXO I: ÍNDICE DE GRÁFICAS E TÁBOAS.....	159
3.3. ANEXO II: CUESTIONARIO	163
3.4. ANEXO III: DESCRICIÓN DA MOSTRA	165

PRESENTACIÓN |

1. PRESENTACIÓN

As competencias en educación non universitaria foron asumidas pola Xunta de Galicia no ano 1982 (BOE núm.182, de 31 de xullo de 1982). Inclúen a xestión da Formación Profesional regrada, unha modalidade que foi aumentando a súa demanda paulatinamente, acadando na actualidade cifras de alumnos que fan que se superen xa os 12.000 titulados anuais nos centros da Comunidade Autónoma Galega.

Paralelamente ao aumento da ofertade prazas nos ciclos formativos tamén crece a súa diversificación co deseño de novas familias profesionais que van dando resposta ás esixencias das innovacións na produción e organización do traballo, demandas de capacitacións especializadas e novas e ocupacións que aparecen ou dispoñen de potencialidade no mercado de traballo.

Na actualidade xa son 23 familias profesionais as que estruturan a formación profesional en Galicia (convocatoria de 2016), e superáronse os 135 ciclos formativos, tanto básicos como medios e superiores.

Para o apoiar o acceso ao emprego, o sistema de formación profesional engloba un conxunto de ensinanzas ou accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial ou regrada, as accións de inserción e reinserción laboral das persoas desempregadas (formación profesional ocupacional) e as accións encamiñadas á adquisición e actualización permanente das competencias profesionais das persoas traballadoras (formación profesional continua).

Os ciclos formativos de formación profesional constitúen un eixe estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Non van dirixidos só á xente moza na etapa previa á primeira incorporación ao mercado de traballo senón que están a mellorar a capacitación ou reorientar as carreiras profesionais de persoas de todas as idades.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, programa desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de FP en Galicia tras cada curso escolar. A súa finalidade é avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de adquisición de emprego dos titulados/as da FP transcorrido un tempo desde o remate dos seus estudos, así como a traxectoria formativa escollida por estes/as e que serve como referente a ter en conta pola Administración educativa para a planificación da oferta de formación profesional para vindeiros cursos.

O presente informe amosa os resultados acadados para o estudo de **inserción laboral do alumnado de formación profesional en réxime ordinario que realizou a Formación en Centros de Traballo (FCT)**. As informacións compiláronse mediante a realización dunha enquisa telefónica como en edicións anteriores, e por primeira vez tamén online. A enquisa aplicouse sobre unha mostra representativa que permite coñecer os datos de inserción laboral desagregados por familias profesionais, grao dos ciclos, xénero e zona. O deseño mostral

tamén asegura a representatividade dos ciclos formativos individualmente. Concretamente, realizáronse 3461 entrevistas completas, que abranguen todas as familias profesionais e ciclos formativos nos que había alumnos que remataron os seus estudos no curso de referencia.


Esta operación estatística atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016 (Decreto 185/2015 do 23 de decembro, a presente operación é descrita no apartado 2.3.6 dos anexos do decreto).

- **Mercado laboral en Galicia**

Comézase realizando unha pequena descrición da situación do mercado laboral en Galicia no ano 2016. Estes datos servirán para contextualizar e comparar os resultados que máis adiante se detallarán sobre a inserción laboral dos titulados e tituladas de Formación Profesional.

Segundo as fontes estatísticas de referencia, a taxa de paro no primeiro trimestre de 2016 en Galicia é do 18,2%¹. É máis alta entre as mulleres (18,9%) que a entre os homes (17,6%). Estas cifras non dan conta das grandes diferenzas que existen por idades, como se amosa na seguinte gráfica. Entre os 20 e 34 anos obsérvanse taxas de paro moi superiores ao resto de idade, e as diferenzas entre homes e mulleres é máis significativa (ata o 8%) no mesmo tramo de idade.

Figura 1. Taxa de paro en Galicia por Xénero, 1º trimestre de 2016. Fonte EPA



A taxa de paro defínese como a porcentaxe de persoas que non teñen emprego pero están dispoñibles para traballar e búscano activamente sobre o total de persoas activas. Non son activos os que, aínda sen traballar, non están en disposición de facelo ou non estiveron activamente na busca de emprego. É importante ter en conta estes matices metodolóxicos porque a taxa de paro é unha proporción sobre unha poboación (os activos) que pode variar e así afectar ás taxas de paro.


A taxa de paro xuvenil é a que afecta ás persoas de 16 a 29 anos, por tanto está moi relacionada coa poboación que é obxecto do presente estudo. Entre 2014 e 2015 obsérvase una significativa redución da taxa de paro xuvenil, a pesares de que a taxa de ocupación apenas aumentou (do 34,1 ao 35%)².

¹ Fonte IGE: datos da Enquisa e Poboación Activa

² A taxa de ocupación é a porcentaxe dos que traballan sobre a poboación total (incluídos activos e inactivos).


A explicación de que se reduza o paro ser aumentar a ocupación pode deberse á diminución da poboación activa (máis persoas estudando ou sen buscar emprego) ou á redución da poboación total (movementos migratorios ou consecuencias dunha pirámide demográfica avellentada, en que se incorpora ao tramo menos xente moza da que deixa de selo).

Figura 2. Evolución da taxa de paro xuvenil (16 - 29) en Galicia. Fonte EPA



Na seguinte gráfica obsérvase nitidamente como a redución da taxa de paro xuvenil de 2014 a 2015 non se debe a un aumento do número de ocupados (liña vermella) senón principalmente á diminución da poboación total e ao aumento dos inactivos. A poboación diminúe por factores demográficos ou migratorios. Os inactivos poden aumentar debido a que hai máis estudantes ou persoas que deixaron de buscar emprego.


Figura 3. Miles de ocupados, parados, activos e inactivos xuvenís. Fonte EPA



• A Formación Profesional en Galicia

Ven de indicarse que a redución do volume de emprego garda relación cunha diminución de poboación total. A concienciación da necesidade de formarse ou as dificultades para obter emprego poden motivar a máis persoas a seguir estudando, diminuíndo así a poboación activa. Os matriculados en formación profesional regrada en Galicia nos últimos anos descríbense na seguinte gráfica.

Figura 4. Alumnos matriculados en Galicia na Formación Profesional: Fonte IGE.



Se observamos aos matriculados en ensinanzas universitarias a evolución é a oposta, xa que presenta unha notoria tendencia á baixa no número de matriculados das universidades galegas.

Figura 5. Alumnos matriculados nas universidades galegas. Fonte IGE






Figura 6. Emigración e Inmigración de 16 a 29 anos en Galicia.



Os principais factores na baixa da poboación activa debe buscarse en cambios a nivel sociodemográfico, tanto nas taxas de natalidade como nos movementos migratorios. A pirámide de poboación de Galicia (pirámide invertida) fai que cada ano se incorporen á idade de traballar menos mozos e mozas. Por outra banda, mantense un fluxo emigratorio estable ou á baixa entre mozos de 16 a 29 anos mentres que a inmigración diminuíu considerablemente nos últimos anos.

Todos estos indicadores explican como en Galicia, cun valor absoluto de persoas ocupadas que apenas aumenta, existe unha redución da taxa de paro no último período dispoñible: 2014-2015.

Figura 7. Poboación total e emigración: 16 a 29 anos



RESULTADOS |

2. RESULTADOS

Os resultados da enquisa de *Ocupación laboral do alumnado de FP en Galicia que rematou a FCT no ano 2015* preséntanse dende o máis xeral (resultados globais de todo o alumnado) ao máis particular (inserción laboral por familia profesional e ciclo formativo).

O cuestionario coas definicións literais das preguntas e categorías de resposta poden consultarse no anexo I do documento.

A recollida desta información prodúcese **entre catro meses e un ano despois** de que o alumno/a rematase a FCT, permitindo coñecer como é o comezo da súa inserción laboral.

Para a análise deste estudo interesou rexistrar o **último emprego** dos alumnos/as que non están ocupados na actualidade (no momento en que se realiza a enquisa), ou o **emprego actual** do alumnado que está a traballar. Cando se fale do “emprego actual” faise referencia ao emprego que ten o suxeito en xuño de 2016, data na que se recolleu a información. O “último emprego” será analizado nos casos das persoas que non desempeñan un traballo actualmente, porque o obxectivo principal do estudo é coñecer o grao de inserción e **situación laboral actual**.

Ademais débese aclarar que á hora de considerar a situación laboral actual do alumno/a, tomouse en conta como “**persoa traballadora**” aquela que ten un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia de:

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana: - Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie. - Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa. Os ocupados clasifícanse segundo o tipo de xornada laboral en: traballando a tempo completo e a tempo parcial. A base para esta clasificación é a propia declaración do entrevistado, aínda que non se pode considerar traballo a tempo parcial o que habitualmente supera as trinta e cinco horas semana.³

Por outra banda, unha persoa en situación de paro é definida polo INE para a operación de EPA como:

De referencia estiveron simultaneamente: - Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia. - Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente. - Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista. Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas

³ As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE:
http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

posteriores á data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia. Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo. Aínda que a definición formal de paro non cambia, pois segue as directrices da Organización Internacional do Traballo (OIT), a partir do primeiro trimestre de 2002 entra en vigor o Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre cómo interpretar a busca activa de traballo. Segundo dito Regulamento, considéranse métodos activos de busca, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes: - Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe un planteamento activo). - Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo. - Enviar unha candidatura directamente aos empregadores. - Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos... - Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos. - Estudar as ofertas de emprego. - Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación. - Buscar terreos, locais ou material. - Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros..⁴

Estas definicións implica que unha persoa que está estudando pode ser ao mesmo tempo parada, aínda que considere que estudar é a súa ocupación principal. O importante para distinguir eses posibles estados é analizar se cumpre os requisitos sinalados máis arriba, de xeito análogo á Enquisa de Poboación Activa.

Os datos de inserción laboral preséntanse de forma global para o total da mostra estudada, por familias profesionais e por ciclos formativos. Os resultados por familias expóñense de dúas maneiras: individualmente, e en comparación coas demais. Igualmente, a maior parte dos datos expoñeranse desagregados en función do xénero do alumno/a, grupos de idade, grao do ciclo e provincia do centro formativo (por considerarse esta un marco de referencia común).

En detalle, os resultados que se detallarán no informe serán:

- ✓ Situación laboral actual: nivel de inserción laboral, situación actual dos alumnos/as (traballando, estudando ou buscando emprego) e tempo en conseguir un emprego.
- ✓ Datos do último emprego e do actual: relación co ciclo estudado e vía de inserción laboral.
- ✓ Continuación doutros estudos e tipoloxía destes.
- ✓ Espírito emprendedor da persoa titulada.

⁴ As definicións proceden da metodoloxía da EPA, citada polo IGE:
http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

2.1. Situación xeral do alumnado que rematou a FCT en Galicia

2.1.1. Principais conclusións da análise

O nivel de inserción laboral do alumnado que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2015 dos ciclos formativos galegos de FP é do 71,7%. Este valor describe a porcentaxe de persoas que están traballando no momento da recollida dos datos sobre o conxunto de alumnado activo. Este dato supera en importante medida ao rexistrado no estudo da edición anterior. Considerando a actividade principal, o 47,2% do alumnado está traballando actualmente ao menos unha hora á semana ou ten un emprego no que pode estar ausente do traballo no momento da enquisa. Supera á do ano 2013 en case 17% (30,6%). Mentres, o 18,5% de alumnos está buscando emprego, o 32,5% estudando e un 1,8% encóntrase noutra situación (estes dous últimos grupos constitúen a poboación de alumnado inactiva). Os grupo de alumnos/as de menores de 20 anos e de 20 ata 24 anos representan o 50,5% do total do alumnado que rematou a FCT, e contan cunha taxa de ocupación do 38,0% e do 37,0% respectivamente. Estas porcentaxes son moi superiores á taxa de ocupación xeral rexistrada en Galicia para esas idades. No caso do colectivo de 25 a 29 anos, a súa taxa de ocupación (50,6%) está por debaixo da taxa xeral recollida en Galicia; e a dos maiores de 30 anos de idade ascende a 61,9%. Ambos grupos suman o 49,5% da representación do universo de alumnos/as.

Percíbense diferenzas significativas entre os niveis de ocupación por xénero. A taxa dos homes (50,2%) supera á das mulleres nun 5,8%. Polo grao dos ciclos formativos, a taxa de ocupación dos alumnos e alumnas dos ciclos de grao medio (48,6%) mellora lixeiramente á dos de grao superior (46,0%); e os centros de FP da provincia de Lugo contan coa maior taxa de ocupación do conxunto de persoas que remataron a FCT no ano 2015, cun 53,6% do alumnado traballando. No lado oposto encóntranse os centros de Ourense e Pontevedra, co 44,4% e 44,7% respectivamente.

Á porcentaxe de alumnado que está traballando, hai que engadirlle un 14,3% que aínda que non conta con emprego na actualidade pero obtivo algún tras finalizar o seu ciclo formativo; e un 3,2% que xa o tiña mentres estudaba. O 35,3% restante non desempeñou ningún traballo desde que rematou os seus estudos.

O 86,6% dos alumnos e alumnas que tiveron algún posto de traballo tras rematar os estudos, conseguírono nos primeiros 6 meses despois de concluír o ciclo formativo (antes de estudar ou mentres estudaban, de forma inmediata a rematar, ou antes dos 6 meses). Destaca un 17,9% de alumnado que xa tiña emprego antes de comezar o FP, e que este se prolongou ata despois da súa finalización.

En relación ao último emprego desempeñado despois do ciclo polos alumnos/as que agora mesmo non está traballando, o 56,8% ocuparon postos de traballo relacionados coa formación rematada. O 26,4% obtiveron o emprego a través da empresa onde realizaron a formación en centros de traballo, dato que descende nun 6,2% dos resultados da edición anterior da enquisa que se analiza. Entre as outras vías existentes empregadas polo resto de persoas que conseguen un posto, destaca o acceso por contactos persoais ou familiares (39,8%), mediante o envío do currículo por iniciativa propia (18,9%) ou por anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros de anuncios ou ofertas en Internet (17,7%). Esta última vía de

inserción laboral incrementouse en máis do 7%. O autoemprego como alternativa para traballar ten pouca representatividade neste colectivo, só un 2,1%.

Tendo en conta o emprego actual, o 69,1% do alumnado que rematou a FCT e que está traballando na actualidade ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo, dato superior ao resultado obtido fai dous anos (59,7%).

En canto ás vías de acceso ao emprego actual, o 31,1% do alumnado que está traballando fano na empresa onde realizaron as súas prácticas. O resto de alumnos/as acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante os contactos persoais ou familiares (31,6%), seguido do envío do currículo por iniciativa propia (21,8%) e os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet (14,0%). O autoemprego experimenta un descenso con respecto ao recollido na enquisa pasada, pasando do 7,7% ao 5,6%.

O 52,1% do alumnado continúa estudando tras rematar o ciclo formativo, un 8,8% máis que no estudo realizado na edición pasada. O 30,2% deles proseguen os seus estudos con outro ciclo formativo, o 20,8% cunha carreira universitaria, e o 49% con outro tipo de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros).


Ademais, o 11,5% dos alumnos e alumnas declaran ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, a maior parte deles (9 de cada 10) teñen plans para creala a medio prazo, entre un e tres anos. Este carácter emprendedor maniféstase máis nos homes, nos alumnos/as de ciclos de grao superior e no alumnado dos centros da provincia de Ourense.

2.1.2. Análise da inserción laboral do alumnado

- **Situación laboral actual**


Na análise dos resultados obtidos neste estudo rexístrase un nivel de inserción laboral do alumnado de FP que rematou en Galicia a formación en centros de traballo no ano 2015 do 71,7%. Este porcentaxe representa a porcentaxe de alumnos/as que durante a realización da enquisa estaban traballando sobre o conxunto de alumnado activo. Este dato aumentou en relación ao nivel detectado no informe anterior, referido ao ano 2013. Dentro do colectivo de activos/as, non se inclúe a aquelas persoas que estean realizando algún tipo de estudos no momento de realizar a enquisa.

Figura 8. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado que rematou a FCT no 2015



Sobre o conxunto global de alumnado que rematou a FCT no 2015 (14.464 persoas), a porcentaxe de persoas que están a traballar (ao menos unha hora á semana ou que contan cun emprego a pesar de estar ausentes de traballo no momento da enquisa) ascende a un 47,2%; superando de novo o dato obtido no estudo de hai dous anos, cun resultado do 30,6%. Tendo en conta a situación xeral actual do total de alumnos/as tamén se rexistra un 32,5% que opta de forma prioritaria por continuar estudando en lugar de buscar a súa inserción laboral no mercado de traballo, e un 1,8% que se encontra noutra situación (véxase a Figura 9).

Figura 9. Gráfica da situación actual principal do alumnado que rematou a FCT no 2015



Analizando a **actividade principal** do alumnado segmentado por grupos de idade, obsérvase na seguinte gráfica que a taxa de ocupación máis baixa corresponde á do colectivo de entre 20 a 24 anos(cun 37%). Obsérvase tamén que a cifra increméntase conforme ascende a idade do alumnado. Aínda así , os niveis de ocupación dos menores de 24 sitúase moi por riba das taxas de ocupación xerais rexistradas en Galicia para eses colectivos no primeiro trimestre do ano 2016: un 3,8 para os menores de 20, e un 26,5% para os que teñen entre 20 e 24 anos(ver Figura 10). Estes dous grupos de alumnos/as representan o 50,5% do total de persoas que remataron a FCT no ano 2015 (1.747 persoas). No caso do colectivo de 25 a 29 anos, a súa taxa de ocupación (50,6%) está por debaixo da taxa xeral recollida en Galicia en máis dun 8%. Este conxunto conforma o 22,2% do universo de alumnos/as. Destaca a porcentaxe de persoas traballando do grupo de alumnos e alumnas de 30 ou máis anos, que ascende ata un 61,9%, e excede en case un 18% a taxa de ocupación xeral para esa idade. Representan o 27,3% da poboación obxecto de estudo (944 persoas).

Figura 10. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no 2015 por grupos de idade





Figura 11. Táboa da taxa de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por grupos de idade. Primeiro trimestre de 2016. Fonte EPA-IGE

	Poboación total	Ocupados (miles)	Taxa de ocupación
16 a 19	82632	3,1	3,8%
20 a 24	119855	31,8	26,5%
25 a 29	140176	82,4	58,8%
30 ou máis anos	2042735	903,8	44,2%


En canto aos niveis de ocupación dos alumnos/as por xénero atópanse diferenzas significativas, representadas na Figura 12. A porcentaxe de homes que remataron a FCT no ano 2015 e que traballan no momento da recompilación dos datos é dun 50,2%, superando á das mulleres nun 5,8%. Ademais, rexístrase case a mesma proporción de alumnas e alumnos que están a buscar emprego. Entre os alumnos que non teñen emprego, teñen as mulleres un maior nivel de continuación de estudos e doutras situacións. Destas últimas destacaron a inactividade por ser ama de casa, sufrir algunha incapacidade, por estar a coidar de fillos ou de persoas dependentes, ou por embarazo.

Figura 12. Gráfico da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2015 por xénero



Segundo o grao dos ciclos formativos, a taxa de ocupación dos alumnos e alumnas dos ciclos de grao medio (48,6%) excede lixeiramente á dos que cursaron un ciclo de grao superior (46%). Sen embargo, o primeiro grupo tamén é o que rexistra unha maior porcentaxe de alumnos/as buscando emprego como actividade principal, cun 22,2% fronte ao 15,3% dos de grao superior. Estes últimos, pola súa banda, recollen o maior nivel de persoas que están estudando constituíndo esta a súa situación primordial. Un 37,2% sobre o total, superando aos de ciclo medio nun 10% (Figura 13).

Figura 13. Gráfico da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2015 por grao do ciclo



Nas Figuras 14 e 15 analízase a inserción laboral por xénero o alumnado de cada grao dos ciclos. Detéctase certa desigualdade entre homes e mulleres. Entre os alumnos de ciclos de grao medio, a porcentaxe de homes buscando emprego é dous puntos inferior á das mulleres mentres que nos ciclos de grao superior a relación é exactamente a inversa. Sen embargo, nos dous casos hai máis proporción de persoas ocupadas entre os homes porque hai máis porcentaxe de mulleres que continúan a estudar cando se fai a enquisa.

Figura 14. Gráfico da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT dos ciclos de grao medio por xénero






Figura 15. Gráfico da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT dos ciclos de grao superior por xénero



Os centros de FP da provincia de Lugo contan coa maior taxa de ocupación de persoas que remataron a FCT no ano 2015, que ascende ao 53,6%, seguida de A Coruña, cun 47,6% de alumnado traballando. No lado oposto atópanse os centros de Ourense e Pontevedra, co 44,4% e o 44,7% de alumnos e alumnas ocupando un posto de traballo (ver Figura 16).

Figura 16. Gráfico da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2015 por provincia do centro




- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar a FCT**

Un 64,7% do alumnado (9.361 persoas) desempeñou algún emprego despois de rematar a FCT en 2015. Este dato mellorou moito desde o da última edición do estudo, que rexistraba un 47,3% de persoas que traballaran.

Coma reproduce a Figura 17, do total de alumnos o 47,2% continúa traballando, o 14,3% está desempleado na actualidade pero tivo algún emprego tras concluír a FCT, e o 3,2% xa obtivera ese posto mentres estudaba aínda que neste intre carece del.


O 35,3% dos alumnos aínda non conseguiron ningún traballo posterior ao remate da súa formación. Esta porcentaxe redúcese nun 17,4% con respecto á de hai dous anos, que acadaba o 52,7% do total do alumnado.

Figura 17. Gráfico da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT



Analizando a idade do alumnado, obsérvase na Figura 18 que a maior porcentaxe de alumnos/as que non obtiveron un emprego despois da finalización da FCT preséntase no colectivo de 20 a 24 anos (42,6%), seguido dos menores de 20 (cun 41,7%). Nos maiores de 30 esta situación só acada un 25,2%.


Figura 18. Gráfico da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por grupos de idade



Segundo o xénero, a proporción de alumnos/as que non atoparon ningún emprego tras rematar o ciclo é maior nas mulleres. Entre elas obsérvase un 37%, mentres que os homes o 33,4% (Figura 19). Esta desigualdade tornouse en relación aos datos do anterior estudo, no

que o xénero feminino lideraba a porcentaxe de traballadoras e tiña o mínimo nivel de alumnas que non estiveran ocupadas desde que terminaran a FCT en 2013.

Figura 19. Gráfico da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por xénero



Continuando cos resultados (ver Figuras 20 e 21), dáse unha maior porcentaxe de persoas que non obtiveron emprego nos alumnado dos ciclos de grao superior que a no dos de grao medio; e nos centros formativos das provincias de Ourense e Pontevedra.

Figura 20. Gráfico da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por grao do ciclo






Figura 21. Gráfico da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por provincia do centro



- **Tempo que tardan en atopar emprego**


De entre o anterior 64,7% de alumnado que desempeñou algún emprego despois de rematar a FCT, o 17,9% xa posuía o posto antes de comezar o ciclo formativo, e o 8,4% conseguíu mentres estudaba. É dicir, o último emprego tras finalizar a FCT do 26,3% dos alumnos, xa se atopara antes de terminar o ciclo. Doutra banda, a maioría dos alumnos (un 60,3%) encontraron o emprego no intervalo de tempo comprendido entre o remate da FCT e os 6 meses posteriores. Só un 13,4% tardou máis de 6 meses en dispoñer de traballo: concretamente un 9,4% antes dos 12 meses, e un 3,6% despois do primeiro ano.(Figura 22). Este resultado mellorou en comparación co dos alumnos/as do ano 2013, no que o 17,1% conseguiron o último emprego transcorridos máis de 6 meses desde finalizar o ciclo formativo.

Figura 22. Gráfica do tempo que tardan en obter un emprego desde o remate da FCT




Analizando a idade do alumnado (ver Figura 23), a porcentaxe de persoas que tiña un emprego antes de comezar os estudos vai aumentando a medida que ascende a idade, o que representa a traballadores/as que deciden realizar un ciclo formativo para mellorar a súa empregabilidade. Esta tendencia xa se percibía nos resultados do estudo anterior, aínda que este ano resulta máis evidente: no caso dos alumnos máis veteranos, (de 30 anos e máis), a porcentaxe supera en máis do 13% ao rexistro do 2013 (25,2%), acadando o 38,3. Do mesmo xeito, nos colectivos de menor idade atópase unha maior porcentaxe de alumnos e alumnas que obteñen un emprego de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar os estudos

Figura 23. Gráfica do tempo que tardan en obter un emprego desde o remate da FCT por idade




Tendo en conta o xénero, un maior nivel de mulleres que a de homes acadan traballo a partir dos 6 meses seguintes á finalización da FCT: un 14,8% fronte a un 12,1%. Aínda así, en ambos casos a maioría dos alumnos e alumnas atopan emprego antes dos primeiros 6 meses ou inmediatamente despois de rematar o ciclo (Figura 24).

Figura 24. Gráfica do tempo que tardan en obter un emprego desde o remate da FCT por xénero




Atendendo á Figura 25, que representa o tempo en conseguir traballo polo grao dos ciclos formativos, a porcentaxe de persoas que obtiveron emprego antes de comezar o ciclo ou mentres o estudaban é maior nos alumnos/as de grao medio que nos de grao superior (28,8% fronte ao 22,0%). Mentres, os de grao superior presentan maiores porcentaxes inmediatamente despois de finalizar o ciclo e antes dos primeiros 6 meses.

Figura 25. Gráfica do tempo que tardan en obter un emprego desde o remate da FCT por grao do ciclo



Os centros de A Coruña e Ourense acaparan un maior número de alumnos e alumnas que xa tiñan un emprego antes de iniciar o ciclo (19,9% e 17,6% respectivamente). Destaca Lugo, con só un 14,3%. En cambio, son os centros de Pontevedra e Ourense os que teñen o maior nivel de alumnos/as que tardaron máis de 6 meses en traballar (entre 6 e 12 meses, e máis de 12 meses).

Figura 26. Gráfica do tempo que tardan en obter emprego por provincia do centro



2.1.3. Descrición do último emprego

A continuación recóllese unha descrición do último emprego desenvolvido polo alumnado que rematou a FCT no ano 2015 e que na actualidade non está traballando. Máis adiante, no capítulo 2.1.4 deste informe, realízase unha descrición do emprego actual desenvolvido polos alumnos e alumnas que están traballando no momento da aplicación da enquisa.

Deste xeito, neste capítulo e no 2.1.4, faise unha descrición de dous tipos de emprego, englobando cada un o seguinte número estimado de alumnos/as sobre o universo de persoas que remataron a FCT no ano 2015:

- ✓ Último emprego: alumnado que tivo un posto de traballo tras rematar a FCT pero que na actualidade xa non o ten (2.533 persoas).
- ✓ Emprego actual: alumnado que está traballando no momento da realización da enquisa (6.828 persoas).

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no último emprego**

De entre as persoas que acadaron un emprego tras rematar a FCT pero que agora non están traballando, o 56,8% consideran que ocuparon postos de traballo relacionados co ciclo cursado. Esta valoración é subxectiva, provén da opinión dos propios alumnos.

Como se recolle nas seguintes gráficas, esta porcentaxe é maior no xénero feminino que no masculino, e nos alumnos/as de ciclos de grao medio que nos de superior. Ademais, na Figura 30 preséntanse estes resultados polas provincia dos centros de FP, e pódese observar como Lugo (60,7%), Seguido de A Coruña (57,8%), obteñen as valoracións máis altas respecto á relación do último emprego co ciclo. Os centros de Ourense presentan unha porcentaxe especialmente baixa de alumnado que desempeñou postos relacionados coa formación rematada, dun 46,6%.

Figura 27. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego




Figura 28. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por xénero




Figura 29. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por grao do ciclo






Figura 30. Gráfica da relación entre o ciclo formativo e o último emprego por provincia do centro




- **Vías de acceso ao último emprego**

As prácticas formativas de FP nas empresas (formación en centros de traballo ou FCT) establecen unha conexión directa entre o mundo educativo e o produtivo, e completan a formación do alumno/a ao permitirlle aplicar os coñecementos que aprendeu na aula, adquirir novas capacidades e habilidades da realidade empresarial, e experimentar un achegamento inicial ao mercado de traballo e aos contactos profesionais. Supoñen, ademais, unha oportunidade para que os alumnos e alumnas poidan ser contratados polas mesmas empresas nas que desenvolveron estas prácticas. De feito, esa constitúe unha das principais vías de inserción laboral dos alumnos de Formación Profesional; e por iso este canle trátase de forma diferenciada aos demais no presente informe.

Como mostra disto, na Figura 31 recóllese que o 26,4% dos alumnos que neste momento non se encontran traballando, obtiveron o seu primeiro posto sendo contratados pola mesma empresa onde realizaron a FCT unha vez rematada. Aínda que é unha porcentaxe moi alta (unha estimación sobre o universo de 669 persoas), este dato reduciuse en un 6,2% respecto aos alumnos do 2013, que rexistraron un 32,6%.

Figura 31. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT

Existen outras vías de acceso ao mercado laboral ademais das empresas onde os alumnos/as realizan as prácticas do ciclo (Figura 32). O resto de alumnado (1.864 persoas) accede ao seu último emprego principalmente mediante contactos persoais ou familiares (un 39,8%). Tamén destacan o envío do currículo por iniciativa propia (18,9%), e os anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros ou ofertas en Internet (17,4%). Esta última canle de inserción laboral experimentou un incremento do 7% en relación ao resultado de hai dous anos. O autoemprego só acada o 2,1%. Ten pouca representatividade como alternativa para adquirir o primeiro posto de traballo pois barállase máis cando os alumnos/as xa adquiriron certa experiencia profesional ou cando levan un tempo na procura de emprego.

Figura 32. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao último emprego

Diferenciando estes mesmos resultados polo xénero dos alumnos/as (Figuras 33 e 34), atópase diferenzas significativas no nivel de persoas contratadas na mesma empresa na que realizaron as prácticas. As mulleres teñen unha porcentaxe máis alta que a os homes, un 28,7% fronte ao 23,6%. Pola contra, máis alumnos que alumnas atopan o último emprego mediante contactos propios (persoais e profesionais) e por iniciativa propia de envío de currículos. As mulleres

tamén contan con maior nivel de contratacións mediante a procura de anuncios en prensa, internet, taboleiros, etc.

Figura 33. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por xénero





Figura 34. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao último emprego por xénero



A porcentaxe de alumnos/as que acadan o seu último emprego na empresa onde realizan a formación práctica é maior nos graduados/as de ciclo medio que nos de ciclo superior, como se recolle na Figura 35. Do resto de vías, os contactos seguen sendo a principal canle para acceder ao último emprego, pero máis recorrente, de novo, entre o alumnado de ciclos grao medio. Os dos ciclos de grao superior presentan porcentaxes máis altas cás de grao medio nos anuncios de prensa, Internet e taboleiros, e no autoemprego.

Figura 35. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por grao do ciclo





Figura 36. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao último emprego por grao do ciclo



Por provincia do centro formativo, nas escolas de Pontevedra rexístrase a maior porcentaxe de persoas que obteñen o seu último emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballos (29,0%), seguíndolle de cerca os centros de A Coruña (27,6%). Estas dúas provincias xa foran as que presentaron as cifras máis altas entre os alumnos do 2013. No lado oposto temos os centros da provincia de Ourense, coa porcentaxe menor (17,8%).

Figura 37. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 38. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao último emprego por provincia do centro



2.1.4. Descrición do emprego actual


Unha vez analizadas as características do último emprego despois da FCT do alumnado que neste intre se atopa en situación de desemprego, recóllese de seguido unha descrición do posto que están desempeñando actualmente os alumnos/as ocupados. Do mesmo xeito que co primeiro posto de traballo, esta información é fundamental, xa que permite coñecer se nos empregos actuais os graduados/as desenvolven as actividades e funcións para as recibiron a formación nos ciclos estudados. Ademais recompílanse datos sobre a vía pola que se conseguiu o emprego.

Estímase que un total de 6.828 alumnos/as están a traballar no momento da realización da enquisa. Como se expón no capítulo 2.1.2 de inserción laboral, o 64,7% do total do alumnado (9.361 persoas) desempeñou algún posto de traballo tras rematar a FCT. Isto amosa que dous de cada tres alumnos/as que tiveron algún emprego ao rematar os estudos continúan traballando, sexa na mesma empresa ou noutra distinta.




- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no emprego actual**

Do alumnado que está traballando no momento da recollida dos datos, segundo a súa apreciación persoal, o 69,1% ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo estudado uns meses atrás. Este dato é case un 10% superior ao obtido no estudo realizado hai dous anos sobre o alumnado que rematou a FCT no ano 2013 (59,7%). Ademais, este resultado tamén está por enriba do recollido na análise do último emprego (56,8%), o que reflicte unha pequena mellora no encadramento dos postos de traballo en ámbitos de actividade máis afíns á formación estudada.

Figura 39. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual




Esta porcentaxe é maior nos homes que nas mulleres (ao contrario que no caso do último emprego), entre os alumnos/as dos ciclos de grao medio, e nos centros das provincias de A Coruña e Pontevedra (Figuras 40, 41 e 42).

Figura 40. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por xénero**Figura 41. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por grao do ciclo****Figura 42. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por provincia do centro**

- **Vías de acceso ao emprego actual**


A empresa na que os alumnos/as realizaron a FCT resultou unha das principais canles de acceso ao primeiro traballo despois do ciclo dos alumnos/as desempregados, cun 26,4%. No caso do alumnado que continúa ocupado actualmente, esta vía de inserción laboral convértese na máis estendida, incrementando a súa porcentaxe ata acadar o 31,1% (representado na Figura 43). Supón unha estimación de 2.127 persoas. Este resultado atópase por riba do recollido no estudo da anterior edición, do 29%.

Figura 43. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT



O 69,9% restante do alumnado ocupado obtivo o seu actual emprego por medio doutras vías (Figura 44). Entre estas, repítese a mesma clasificación que se recollía para o último emprego: a máis recorrente é, de novo, os contactos persoais, co 31,6% (1488 persoas); seguida polo envío de currículos por iniciativa propia, e dos anuncios en prensa, taboleiros e internet. O autoemprego experimenta certo aumento en comparación co resultado do primeiro posto de traballo (un 2,1%), chegando no emprego actual a un 5,3%. Aínda así, diminuíu con respecto ao dato da enquisa pasada, co 7,7%.

Figura 44. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao emprego actual



Por xénero, é máis habitual que os homes atopen o seu emprego actual mediante a empresa na que fan a FCT (Figura 45). Entre os /as que utilizan outra vía, en ambos xéneros obsérvase a mesma distribución que nos resultados xerais: a maioría conseguen o emprego grazas a contactos, a solicitude por iniciativa propia e aos anuncios en diferentes medios. Hai que destacar un maior nivel de autoemprego entre os homes, que rexistran un 6,2% fronte ao 4,4% do xénero feminino (véxase a Figura 46).

Figura 45. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por xénero





Figura 46. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao emprego actual por xénero



Entre os alumnos/as dos ciclos de grao medio e os de grao superior, unha maior parte dos últimos accederon ao seu posto de traballo actual na empresa en que fixeron as prácticas. Do resto de vías empregadas, o uso de contactos segue conformando o principal medio de inserción laboral. Destaca o baixo nivel de recurso aos anuncios en prensa, Internet, etc. por parte dos traballadores que cursaron ciclos de grao medio, cun 9,1%. En cambio, esta vía acada no alumnado dos ciclos de grao superior unha maior importancia que o envío de currículos por iniciativa propia. Tamén se dá entre estes unha alta incidencia de autoemprego, dun 6,4%.

Figura 47. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por grao do ciclo





Figura 48. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao emprego actual por grao do ciclo



As provincias de Pontevedra e A Coruña obteñen a maior proporción de postos de emprego actuais adquiridos na empresa na que o individuo desempeñou as súas prácticas do ciclo. Entre as demais vías, é salientable o baixo peso do envío de currículos por iniciativa propia na entre os alumnos dos centros da provincia de Ourense.

Figura 49. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 50. Gráfica das outras vías de inserción laboral ao emprego actual por provincia do centro



- Centro educativo
- Prensa, taboleiros, Internet
- Contactos
- Solicitud a iniciativa propia
- Autoemprego
- Outros

2.1.5. Continuidade doutros estudos

O 52,1% do alumnado que rematou a FCT en 2015 (7.531 persoas) continúa estudando, un 8,8% máis que nos resultados da enquisa realizada hai dous anos (43,3%). Dese total, o 35,5% tamén traballa, e o 21,5% estuda pero considera a procura de emprego a súa actividade principal. Por outra banda, a dedicación aos estudos conforma a situación primordial do 41,0% dos estudantes (Figura 51).

Figura 51. Gráfica do alumnado que segue estudando






Figura 52. Gráfica da situación actual do alumnado que segue estudando



A Figura 53 amosa as porcentaxes de persoas que seguen formándose segundo a súa situación actual. Nos resultados xerais do capítulo 2.1.2 de inserción laboral deste informe, o 21,4% do alumnado indicou que se dedicaba primordialmente aos estudos. Recóllese tamén nese apartado que o 47,2% do alumnos/as están a traballar actualmente, dos cales o 39,2% están, ademais, instruíndose. Supón unha estimación de 2.676 persoas que se atopan traballando e estudando. Por outra banda, o 29,7% que declarou que a busca de emprego constituía a súa principal actividade, estuda o 37,6%.

Figura 53. Gráfica do alumnado que segue estudando segundo a súa situación actual



Atendendo aos diferentes tipos de estudos, o 30,2% dos alumnos/as que seguen completando a súa formación fano con outro ciclo formativo, o 20,8% cunha carreira universitaria, e o 49% con outra clase de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, preparación de oposicións, estudo por conta propia, asistencia a centros de formación privados, idiomas, etc.). En relación aos datos obtidos na anterior enquisa, destaca o aumento da porcentaxe de persoas preparándose para presentarse a oposicións. Subiu dun 4,5% a un 13,6%. Tamén descendeu nun 4,3% o nivel de estudantes universitarios despois de rematar un ciclo de FP (Figura 54).

Figura 54. Táboa do tipo de estudos cos que seguen os alumnos

Tipo de estudos		% de alumnado que o estuda	
Formación profesional		30,2%	
Estudios universitarios	Ciencias da saúde e experimentais	7,1%	20,8%
	Ciencias sociais e xurídicas	7,0%	
	Ensinanzas técnicas	3,8%	
	Artes e humanidades	2,8%	
Outro tipo de formación	Cursos de formación ocupacional, continua ou similar	5,2%	49,0%
	Preparando oposicións en academia ou pola súa conta	13,6%	
	Outros cursos en centros de formación privados	6,7%	
	Outros	23,4%	

A porcentaxe de alumnas que seguen estudando é maior que a de alumnos en case un 9%. Tamén hai diferenzas no tipo de estudos que desempeñan, sendo moito máis común a Formación Profesional entre os homes (o 38,3% fronte o 24,0%), mentres que as carreiras universitarias r son máis populares para as alumnas (Figuras 55 e 56).

Figura 55. Gráfica do alumnado que segue estudando por xénero







Figura 56. Gráfica do tipo de estudos que seguen por xénero

A Figura 57 reflexa a distribución de alumnos/as que continúan a estudar segundo o grao do ciclo de FP que remataron anteriormente. Os alumnos/as procedentes de ciclos de grao superior superan nun 15,2% a proporción de estudantes dos de ciclos de grao medio, acadando un elevado 59,1%. Ademais, só o 2,9% dos graduados nun ciclo de grao medio que agora seguen instruíndose están cursando formación universitaria. Boa parte deles (45,5%) decidiron continuar con outro ciclo. En troques, a porcentaxe de estudantes universitarios entre os alumnos dos ciclos de grao superior é moi alta, o 32,0% (Figura 58).

Figura 57. Gráfica do alumnado que segue estudando por grao do ciclo**Figura 58. Gráfica do tipo de estudos que seguen por grao do ciclo**

A provincia de Ourense e a de A Coruña recollen as maiores porcentaxes de alumnos que continúan estudando na actualidade. Ademais, en Ourense reúnen máis estudantes universitarios que de Formación Profesional, pola contra do resto de provincias.

Figura 59. Gráfica do alumnado que segue estudando por provincia do centro





Figura 60. Gráfica do tipo de estudos que seguen por provincia do centro




2.1.6. Carácter emprendedor do alumnado

En capítulos anteriores recolleuse, entre outras características, o tipo de vía pola que os alumnos accederon ao seu posto actual, e o medio polo que os que agora mesmo non están ocupados atoparon o seu primeiro traballo tras rematar as prácticas do ciclo. Atendendo aos resultados do autoemprego, recorrer a este método de inserción laboral incrementouse nun 2,1% entre o dato do primeiro traballo e do actual, pasando dun 3,2 a un 5,3% respectivamente. Isto reflexa que a iniciativa emprendedora impúlsase pasado un período desde a finalización dos estudos.

O transcurso do tempo permite aos alumnos e alumnas adquirir experiencia na súa profesión e realizar contactos profesionais suficientes para animarlles a traballar por conta propia. Deste modo introdúcese no informe a análise da iniciativa emprendedora do alumnado que rematou a FCT no ano 2015, para coñecer a intención destes de crear a súa propia empresa a curto (menos dun ano) ou medio prazo (entre un e tres anos).

O 11,5% do alumnado (1664 persoas) declara ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro. Deles, case nove de cada dez planifícanos cara a medio prazo, nun período de un a tres anos. Tamén hai que indicar, que o 2,1% dos alumnos xa contan co seu propio negocio, un total de 306 persoas.

Figura 61. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa



Este espírito emprendedor maniféstase máis nos homes (13,6%) que nas mulleres (9,6%), no alumnado dos ciclos de grao superior (12,3%) que nos de grao medio (10,5%) e nos alumnos/as dos centros da provincia de Ourense (13,4%) e de Pontevedra (12,2%).

Figura 62. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por xénero




Figura 63. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por grao do ciclo





Figura 64. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por provincia do centro



2.2. Resultados por familias

Neste apartado preséntanse os resultados obtidos no estudio para as distintas familias profesionais nas que se engloban os ciclos formativos, facendo primeiro unha análise comparativa das familias para cada variable e en segundo lugar, recollendo os resultados familia a familia.

Para esta análise deberase ter en conta que o volume de alumnado que rematou a formación en centros de traballo en Galicia no ano 2015 queda distribuído por familias profesionais da seguinte forma:

Figura 65. Táboa do alumnado que rematou a FCT no ano 2015 por familias profesionais de FP

Familia profesional FP	Alumnado 2015		
	Mulleres	Homes	Total
Actividades físicas e deportivas	88	280	368
